Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, o prazo finalizará o día 20 do mes posterior, ou se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte.



Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, o prazo finalizará o día 5 do segundo mes posterior ou se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen facerse efectiva a débeda, determinará o inicio do procedemento de apremio, o devengo dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos termos previstos no artigo 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria en relación co artigo 10 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria”

En base ao anteriormente exposto proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Estimar a alegación primeira e desestimar a alegación segunda e a alegación terceira das remitidas polo representante da Diocese Mondoñedo-Ferrol.

2º.- Que o representante da Diocese Mondoñedo-Ferrol, como consecuencia do “incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS e nas normas reguladoras da subvención”.(artigo 37.1.c LXS) reintegre á Deputación de Lugo a contía de 64.003,20 € (correspondente ao importe da subvención aboado en concepto de anticipo) máis o importe de 6.536,22 € en concepto de xuros de mora.

3º.- Que o pago da cantidade total adeudada (70.539,42 €) se efectúe na conta da entidade ES04 2080 0163 8531 1000xxxx, indicando o concepto “Reintegro EXP.2021/XEN_01/000361” nos seguintes prazos:

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, o prazo finalizará o día 20 do mes posterior, ou se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte.

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, o prazo finalizará o día 5 do segundo mes posterior ou se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen facerse efectiva a débeda, determinará o inicio do procedemento de apremio, o devengo dos xuros de mora e dos recargos do

período executivo nos termos previstos no artigo 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria en relación co artigo 10 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INICIO DO PROCEDIMENTO DE PERDIDA DE DEREITO AO COBRO DA AXUDA PARA FINANCIAR GASTOS DERIVADOS DA “XIX FESTA DA TENREIRA GALEGA 2017” CONTEMPLADA NO PLAN ÚNICO DA ANUALIDADE DO 2017 E DE REINTEGRO POLO IMPORTE ABOADO EN CONCEPTO DE ANTICIPO, MÁIS OS XUROS DE MORA CORRESPONDENTES, AO CONCELLO DE LÁNCARA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Asunto: Inicio do procedemento de perda do dereito ao cobro da axuda e consecuentemente do procedemento de reintegro da cantidade recibida en concepto de anticipo máis os xuros de mora correspondentes que trae causa do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos para sufragar os gastos derivados da execución da actuación de “XIX Festa da Tenreira Galega”, dentro do programa de celebración de “Eventos turísticos, Feiras e Mercados e Outros”, na anualidade 2017.

En relación ao asunto de referencia, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítese o seguinte informe:

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, na sesión ordinaria do 28 de marzo de 2017, acordou, entre outros asuntos, a aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2017.



O Pleno da Deputación Provincial de Lugo en sesión extraordinaria celebrada en data 16 de xuño de 2017, adoptou por unanimidade, entre outros, o seguinte acordo:

“(…)

4º.- Aprobar o Plan Provincial único de Cooperación cos concellos 2017, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, do que resulta os seguintes importes globais por programas:

PROGRAMA	Achega Deputación (A)	Achega Concellos ou outras fontes de financiamento (B)
(…)		
5.- Eventos turísticos, feiras, mercados e outros	329.607,92 €	275.364,79 €
(…)		

(…)”.

Máis concretamente, e no relativo ao programa de Eventos turísticos, feiras, mercados e outros do Concello de Láncara, o Plan Único de Cooperación cos Concellos aprobado, recolle:

“Importes Plan Único 2017

e. programa eventos turísticos, feiras, mercados e outros

CONCELLO	CANTIDADE DESTINADA DA ACHEGA DA DEPUTACIÓN	APORTACIÓN MUNICIPAL	CUSTE ESTIMADO DA ACTIVIDADE	ACTIVIDADE
(…)				
LÁNCARA	3.000,00	0,00	3.000,00	XIX FESTA DA TENREIRA GALEGA 2017
(…)				

(…)”.

Pola Presidencia da Deputación Provincial de Lugo, en data 29 de agosto de 2017, resolveuse:

“Que se lles aboe aos Concellos indicados o anticipo outorgado, con dispensa da garantía, de acordo co previsto no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017:

CONCELLO	IMPORTE ANTICIPO OUTORGADO
(...)	
Láncara	220.560,98 €
(...)	

A documentación xustificativa a aportar polo Concello, ven relacionada nas Bases Reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2017 (concretamente, na base 20ª.5).

O alcalde do Concello de Láncara remitiu, o 15 de marzo de 2018 con número de rexistro de entrada 8375 e o 17 de outubro de 2018 e o 28 de decembro de 2018, ao Servizo de Contratación e Fomento, documentación xustificativa dos gastos enmarcados dentro do “Programa para a celebración de eventos turísticos, feiras, mercados e outros” (Plan Único 2017), concretamente para a actuación “XIX Festa da Tenreira Galega”.

Dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento constatada a existencia de erros emendables e contradicións na documentación aportada requiriuse ao alcalde do Concello de Láncara, con base no artigo 73.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das AAPP, para que no prazo de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á recepción do requirimento (que tivo lugar o 4 de marzo de 2021), achegase a certificación expedida polo Interventor ou Secretario do Concello ao respecto do custe total da actividade indicando os importes do financiamento (incluído o importe da achega económica de Caixa Rural Galega), acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas, e advertíndolle que, de non dar adecuada resposta á devandita solicitude, declararase decaído no seu dereito ao citado trámite e iniciárase o procedemento de declaración de perda do dereito ao cobro da axuda e consecuentemente o do reintegro da cantidade percibida en concepto de anticipo polo Concello de Láncara (concretamente, para a XIX Festa da Tenreira Galega 2017) xunto cos xuros de mora correspondentes sen prexuízo das demais responsabilidades que puideran derivarse do incumprimento.



O alcalde do concello de Láncara remitiu, o 12 de marzo de 2021 -nº de rexistro 2021-S-RC-140- que da orixe ao expediente 2021/PES_03/004566, documentación xustificativa en contestación ao requirimento efectuado o 4 de marzo de 2021.

Dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento constatase que a da documentación achegada non é correcta, concretamente a documentación que se relaciona a continuación:

Certificación expedida polo Interventor ou Secretario do Concello ao respecto do custe total da actividade indicando os importes do financiamento (incluído o importe da achega económica de Caixa Rural Galega), acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

Non se determina a achega económica de Caixa Rural Galega e no expediente consta declaración xurada e responsable do Alcalde do Concello de Láncara de que “a achega que realiza Caixa Rural Galega ten contido económico”.

Tendo en conta que a documentación aportada segue incompleta e contén erros, e que dito suposto é causa de reintegro segundo o establecido no artigo 37.1.b) da Lei Xeral de Subvencións (LXS), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento infórmase favorablemente que por parte da Xunta de Goberno se declare decaído no seu dereito ao trámite correspondente (art. 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da axuda, e consecuentemente o procedemento de reintegro (artigos 41 e 42.2 da LXS e artigos 94 e 95 do RLXS) da cantidade percibida en concepto de anticipo xunto cos xuros de mora correspondentes ao alcalde do Concello de Láncara”

En base ao anteriormente exposto propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar decaído, ao representante do Concello de Láncara, no tramite de emenda de documentación.

2º.- Acordar o inicio do procedemento de perda de dereito ao cobro da citada axuda e iniciar o procedemento de reintegro da cantidade aboada en concepto de anticipo máis os xuros de mora a contar dende a data de pago do anticipo ata a data do ingreso voluntario do mesmo ou ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro.

3º.- Acordar a apertura do Tramite de Audiencia para que, no prazo de quince día hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste acordo, o representante do Concello de Láncara poida alegar e presentar os documentos que estime pertinentes.

4º.- No suposto de que se opte polo ingreso da contía percibida en concepto de anticipo, o representante do Concello porase en contacto coa Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento para que se lle facilite a liquidación dos xuros de mora tendo en conta a data de pago do anticipo e a data na que se vaia facer efectivo o ingreso.

O ingreso da cantidade percibida en concepto de anticipo, máis os intereses de mora correspondentes, farase efectivo na conta da entidade ES04 2080 0163 8531 100xxxxx, indicando o concepto “Reintegro EXP. 2021/PES_03/004566”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CONVENIO TIPO CANALIZADOR DAS SUBVENCÍONS DIRECTAS DE CARÁCTER EXCEPCIONAL DE IMPORTE IGUAL OU SUPERIOR A 15.000,00 €.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:



“Orixe: Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento

Asunto: Informe relativo á tramitación da concesión das subvencións directas de carácter excepcional para a anualidade do 2021.

Convenio tipo canalizador das subvencións directas de carácter excepcional de importe igual ou superior a 15.000,00 €.

En relación ao asunto de referencia emíttese o seguinte informe,

Antecedentes de feito

No Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para a anualidade 2021, publicado no BOP de Lugo o 30 de decembro de 2020, recóllese a posibilidade de concesión de subvencións directas de carácter excepcional.

Por resolución presidencial, de data 2 de abril de 2020, aprobouse o Plan Estratégico de Subvencións 2020-2022 da Deputación Provincial, o cal se publicou no BOP de Lugo o 16 de abril de 2020.

Cada anualidade vense elaborando o Anexo I onde se reflicten as liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio económico vixente, no que se inclúen as subvencións directas de carácter nominativo que constan no Orzamento provincial vixente. O Anexo I correspondente á anualidade do 2021 aprobouse, pola Xunta de Goberno, o 5 de marzo de 2021, e no mesmo prevense a posibilidade de subvencións directas de carácter excepcional para a anualidade 2021.

Consta providencia da Presidencia, de data 29 de xaneiro de 2021, na que se ordena literalmente o seguinte:

“Tendo en conta que no Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2021 recóllense subvencións directas nominativas a favor de certas entidades da provincia e que as mesmas figurarán no Anexo I – anualidade 2021-, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022 (aprobado por resolución de Presidencia de data 2 de abril de 2020 e publicado no BOP de Lugo núm. 086 o 16 de abril de 2020), por parte da Presidencia dispónse, o seguinte:

Que se confeccione o Convenio Tipo a través do cal se canalizarán as subvencións directas nominativas.

Que se elaboren os modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións directas nominativas.

Que se elaboren as instrucións para a cumprimentación dos modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións directas nominativas, e se determine a documentación que se debe remitir xunto cos mesmos.

Que se elabore o Protocolo interno de tramitación da concesión das subvencións directas nominativas.

Que tras aprobarse os amentados modelos normalizados de solicitude (anexos), instrucións de cumprimentación dos mesmos, Convenio Tipo canalizador das subvencións e o protocolo interno de tramitación da concesión por parte dos Centros Xestores, se de traslado dos mesmos aos respectivos Centros Xestores de subvencións directas de carácter nominativo desta entidade para a súa aplicación.

Publicar os modelos normalizados de solicitude (anexos) e as instrucións sobre a súa cumprimentación na páxina web do ente provincial.

Que o procedemento se leve a cabo na Sede Electrónica desta Deputación Provincial (telematicamente)-



Que a devandita documentación sirva de referencia para a tramitación das subvencións excepcionais a tramitar tamén na anualidade do 2021.”

Consta providencia da Presidencia, de data 2 de marzo de 2021, na que se ordena literalmente o seguinte:

“Tendo en conta que no Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2021 e no vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022 (publicado no BOP de Lugo núm. 086 o 16 de abril de 2020) recóllese a posibilidade de outorgar subvencións directas de carácter excepcional.

Por parte da Presidencia dispónse o seguinte:

Que se elaboren os modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións de carácter excepcional.

Que se redacten as instrucións para a cumprimentación dos modelos normalizados de solicitude (Anexos), e se determine a documentación que se debe remitir xunto cos mesmos.

Que os Convenios Tipos aprobados para canalizar as subvencións nominativas sirvan de base para canalizar as subvencións directas de carácter excepcional.

Que os modelos normalizados de xustificación (Anexos) aprobados para xustificar as subvencións nominativas sirvan de base para xustificar as subvencións de carácter excepcionais.

Que tras aprobarse os amentados documentos se de traslado dos mesmos aos respectivos Centros Xestores de subvencións desta entidade para a súa aplicación.

Publicar os modelos normalizados de solicitude, as instrucións sobre a súa cumprimentación e os modelos normalizados de xustificación na páxina web do ente provincial.”

Por resolución presidencial, de data 5 de marzo de 2021, prestouse aprobación á seguinte proposta:

“1º. Aprobar os modelos normalizados de solicitude de subvencións directas de carácter excepcional, ano 2021. que se relacionan:

Anexo I – Solicitude.

Anexo II – Certificado do/a secretario da entidade.

Anexo III – Solicitude de autorización para a subcontratación, total ou parcial, con terceiros da actuación subvencionable.

Anexo IV - Compromiso de obtención de licenzas e autorizacións preceptivas para a execución de obras.

2º. Aprobar as instrucións onde se recolle a documentación que se debe cumprimentar (anexos) e achegar para a solicitude de subvencións directas de carácter excepcional -ano 2021”.

Consta providencia da Presidencia, de data 12 de abril de 2021, na que se ordena literalmente o seguinte:

“Tendo en conta que no Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2021 recóllense subvencións directas nominativas a favor de certas entidades da provincia e que as mesmas figurarán no Anexo I – anualidade 2021-, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022 (aprobado por resolución de Presidencia de data 2 de abril de 2020 e publicado no BOP de Lugo núm. 086 o 16 de abril de 2020), por parte da Presidencia dispónse, o seguinte:

1. Que se elaboren os modelos normalizados de xustificación (Anexos) das subvencións directas nominativas.

2. Que tras aprobarse os amentados modelos normalizados de xustificación (anexos), se de traslado dos mesmos aos respectivos Centros Xestores de subvencións directas de carácter nominativo desta entidade para a súa aplicación.

3. Publicar os modelos normalizados de xustificación (anexos) na páxina web do ente provincial.

4. Que o procedemento se leve a cabo na Sede Electrónica desta Deputación Provincial (telematicamente)-

5. Que a devandita documentación sirva de referencia para a tramitación das subvencións excepcionais a tramitar tamén na anualidade do 2021.”



Fundamentos de dereito

As entidades que integran a Administración Local quedan comprendidas no ámbito subxectivo da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (no sucesivo LXS), tal e como se desprende do tenor do seu artigo 3 -ámbito de aplicación obxectiva-, polo que deben axustar o outorgamento de subvencións ao previsto nesta lei.

No artigo 22 -procedementos de concesión- da LXS, concretamente no seu apartado 2.c), recollese que poderán concederse: “Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións na que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia que dispón que “Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións: “Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións na que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública”.

Previsión que aparece recollida no artigo 2 da vixente Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial (publicada no B.O.P de Lugo núm, 53, do 7 de marzo de 2005, e a modificación o 13 de xullo de 2006) ao establecer que “Cando por razón da natureza da actividade a subvencionar ou das características da persoa ou entidade que teña que executar aquela actividade non sexa posible promover a concorrencia pública, as subvencións outorgaranse mediante resolución ou acordo motivado do órgano competente para concedelas, no que se fará constar as razóns que xustifiquen a excepción da convocatoria en réxime de concorrencia, así como a forma na que haberá de ser xustificada a aplicación dos fondos percibidos. En todo caso se tramitará o correspondente expediente.”na base 24^a.3 das Bases de Execución do Orzamento para o ano 2021, que establece que, “(...) As subvencións poderán outorgarse directamente, non sendo preceptiva a concorrencia competitiva nin a publicidade, nos seguintes casos: (...) -Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións na que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública”.

A maior abundancia, no artigo 15.2 c) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo publicada no B.O.P de Lugo o 13 de abril de 2021 (e que entrará en vigor transcorridos quince días hábiles dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP) contempla que: “Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións: (...) c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico e humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública (...)”.

Por todo o exposto, cúmprense os requisitos legalmente establecidos para a concesión, de forma directa, de subvencións excepcionais no ano 2021.

Trátase dunha acción administrativa enmarcada na actividade de fomento da entidade provincial, cuxo título competencial dimana inicialmente, do artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e do artigo 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Estas previsións específicas sobre o réxime local, complementáanse coa lexislación sectorial, estatal ou autonómica, en tanto que segundo a STC 41/2016, de 3 de marzo, tamén atribúe competencias ás entidades locais.

O órgano competente para a concesión das subvencións excepcionais será, segundo o disposto no artigo 8 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo publicada no B.O.P de Lugo o 13 de abril de 2021 (e que entrará en vigor transcorridos quince días hábiles dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP) e na base 24ª.4 das Bases de Execución do Orzamento para a anualidade 2021, o Sr. Presidente a proposta do Delegado correspondente sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000,00 € de xeito individual, e a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores.

O artigo 71 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, baixo o mandato do impulso de oficio dos procedementos administrativos, incardina na tramitación das subvencións directas de carácter excepcional o principio de celeridade, de transparencia e publicidade, e o uso de medios electrónicos.



Indicar que a tramitación da concesión das subvencións directas de carácter excepcional para o ano 2021 cumpre cos principios e esixencias legais e procedimentais expostos, prevéndose a súa tramitándose de forma electrónica -telemática- en todas as fases do procedemento, dende a solicitude ata a concesión das mesmas.

Coa finalidade de axilizar o procedemento de tramitación (concesións) por parte dos distintos centros xestores de subvencións, así como facilitar a solicitude das mesmas por parte dos interesados, elabóranse: os modelos normalizados de solicitude de subvencións directas de carácter excepcional e as instrucións onde se recolle a documentación que se debe cumprimentar (anexos) e achegar para a solicitude de subvencións nominativas.

Conclusiones

Por todo o amentado, tendo en conta os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito, infórmase favorablemente que pola Xunta de Goberno, tendo en conta que é o órgano encargado de aprobar a concesión das subvencións de carácter excepcional de importe igual ou superior a 15.000,00 €, se adopte o acordo de que o Convenio tipo que se aprobe por resolución presidencial para canalizar as subvencións directas de carácter nominativo de importe igual ou superior a 15.000,00 € - anualidade 2021- sexa o convenio base para canalizar a subvencións directas de carácter excepcional de importe igual ou superior a 15.000,00 € -anualidade 2021-“

Por todo o exposto proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Que o Convenio tipo que se aprobe por resolución presidencial para canalizar as subvencións directas de carácter nominativo de importe igual ou superior a 15.000,00 € - anualidade 2021- sexa o convenio base para canalizar a subvencións directas de carácter excepcional de importe igual ou superior a 15.000,00 € -anualidade 2021-“

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta relativa a addenda ao convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo a Asoc. Unión de Traballadores Autónomos do Transporte, o Mar e as Comunicaciones de Galicia, co obxecto de colaborar no financiamento da actuación “Creando empresa, proxecto de integración da muller o mercado de traballo”.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Muller e Igualdade, do seguinte teor:

“Considerando a petición realizada por dona María Dolores Somoza Regueiro, con NIF: ***6011**, en nome e representación de Asoc. Unión de Traballadores Autónomos do Transporte, o Mar e as Comunicaciones de Galicia, con CIF: : ***2897**, con data 25 de xaneiro de 2021, mediante o cal solicitaba a concesión dunha prórroga do prazo de execución ata o 30 de xuño de 2021 e o prazo de xustificación ata o 30 de setembro de 2021 da actuación subvencionada ao abeiro do Convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación provincial de Lugo a Asoc. Unión de Traballadores Autónomos do Transporte, o Mar e as Comunicaciones de Galicia, co obxecto de colaborar no financiamento da actuación “Creando empresa , proxecto de integración da muller o mercado de traballo”, xa que por mor da crise sanitaria do Covid-19, a cal levou a entidade a solicitar inicialmente un prazo de execución fora do ano natural de 2020, concretamente o 30 de marzo de 2021, a entidade comezou as actividades formativas o 9 de decembro de 2020 e cuxa finalización se prevía para o 26 de marzo 2021, dentro do prazo establecido de execución, así a entidade tivo que facer un esforzo importante para organizar as actividades formativas para finalizar dentro do prazo establecido, pois as 370 horas presencias que se van a desenvolver implican varios meses de formación e o período temporal estaba moi axustado. Actualmente estamos inmersos nunha nova ola de contaxios que fixo que se extremaran as medidas de contención, incluíndo peches perimetrais por concellos e limitación á reunión de persoas en toda a CCAA de Galicia. Co fin de cumprir as disposicións legais derivadas da alerta sanitaria, así como de salvaguardar a saúde das persoas participantes, a entidade viuse obrigada a suspender a acción formativa que se estaba desenrolando con efectos dende o 18 de xaneiro, descoñecendo ata cando



se vai a manter a situación actual, polo que resulta imposible executar as actuacións subvencionadas dentro do prazo previsto no convenio asinado entre as partes o 27 de novembro de 2020.

Considerando o informe emitido dende a Sección de Benestar Social e Igualdade, no cal informábase que procedía a concesión da prórroga do prazo de execución e xustificación do Convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación provincial de Lugo a Asoc. Unión de Traballadores Autónomos do Transporte, o Mar e as Comunicaciones de Galicia, co obxecto de colaborar no financiamento da actuación “Creando empresa, proxecto de integración da muller o mercado de traballo”, asinado polas partes o 27 de novembro de 2020, sendo articulada a mesma, mediante addenda ao citado convenio, que acompaña ao citado informe, a cal reflicte a ampliación dos prazos de execución e xustificación previstos no convenio.

Considerando os informes emitidos dende o Servizo de Contratación e Fomento, da Secretaría Xeral e a Intervención en relación a aprobación da modificación do Convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación provincial de Lugo a Asoc. Unión de Traballadores Autónomos do Transporte, o Mar e as Comunicaciones de Galicia, co obxecto de colaborar no financiamento da actuación “Creando empresa , proxecto de integración da muller o mercado de traballo”, asinado polas partes o 27 de novembro de 2020, sendo articulada a mesma mediante a addenda que se acompaña con esta proposta, quedando modificados os prazos de execución e xustificación previstos no convenio, pasando a ser 30 de xuño de 2021 e 30 de setembro de 2021, respectivamente.

Por todo o anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, acorde:

Dar aprobación á modificación do convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo a Asoc. Unión de Traballadores Autónomos do Transporte, o Mar e as Comunicaciones de Galicia, co obxecto de colaborar no financiamento da actuación “Creando empresa, proxecto de integración da muller o mercado de traballo”, sendo articulada a mesma mediante a addenda que se acompaña.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación do convenio específico para a prestación compartida de servizos no Centro de Atención a Persoas Maioras de Meira, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación: acción pública colaborativa horizontal.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Considerando que o 17 de abril de 2019, logo da pertinente tramitación administrativa, subscríbese convenio marco interadministrativo de cooperación, entre o Concello de Meira e a Deputación de Lugo, para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores (CAM). Dito convenio marco bilateral fora aprobado, en sesión da Xunta de Goberno de 17 de abril de 2019, a cuxos antecedentes e informes nos remitimos.

As partes asumían, en síntese, os seguintes compromisos:

A Deputación, entre outros:

Efectuar o financiamento previsto na cláusula sexta do convenio marco.

Actuar como órgano de contratación, nos termos e cos límites establecidos nese acordo marco.

Impulsar un equipo técnico especializado no ámbito dos servizos sociais.

O Concello de Meira, entre outros:

Colaborar coa Deputación para lograr o fin do convenio.

Efectuar as achegas económicas previstas na cláusula sexta daquel convenio marco.



Establecer o réxime xurídico e a forma de xestión directa do servizo público con prestacións directas ás persoas.

Tramitar e someter a aprobación do órgano competente a regulamentación dos centros e da actividade e o prezo público a cobrar aos usuarios do respectivo centro.

En base ao citado convenio o Concello de Meira efectuou os seguintes trámites administrativos, a fin de fixar o réxime xurídico de prestación do servizo. Así en dito cumprimento da obriga de fixar o réxime xurídico da prestación do servizo, aprobou inicialmente, o 2 de agosto de 2019:

Memoria xustificativa da implantación do servizo de Centro de atención a persoas maiores de Meira: memoria relativa aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade económica, base para determinar a viabilidade financeira do servizos a súa forma de xestión.

Ordenanza de acceso ao servizo de atención residencial e servizo de atención diúrna.

Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de atención residencial.

Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de atención diúrna.

Regulamento de funcionamento interno do centro de atención residencial.

Regulamento de funcionamento interno do centro de atención diúrna.

No BOP do 10.08.2019 publicouse inicialmente o expediente e o 09.10.2019, publicouse a elevación a definitivo do réxime xurídico prestacional establecido polo Concello de Meira por non terse presentado reclamacións ou suxestións no prazo de exposición.

A Memoria xustificativa da implantación do servizo de Centro de atención a persoas maiores de Meira: memoria relativa aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade económica, base para determinar a viabilidade financeira do servizos a súa forma de xestión, e o

plan de viabilidade redactado ao efecto e aprobado ou cando menos foi a base da memoria do expediente aprobado polo Concello de Meira para o exercicio de actividades económicas, en concreto para a prestación dos servizos de atención diúrna e atención residencial no Centro de Atención a Persoas Maiores de Meira, determinan os seguintes custes:

ESTIMACIÓN CUSTES POR ANUALIDADES	Anualidade de referencia	2021	2022	2023
GASTO PERSOAL DEPUTACIÓN	136.611,71 €	89.416,68 €	139.343,95 €	41.773,98 €
GASTO CORRENTE DEPUTACIÓN SUBMINISTRO	98.728,05 €	57.884,38 €	83.675,36 €	24.952,33 €
GASTO CORRENTE DEPUTACIÓN C. SERVICIOS	624.581,24 €	366.192,84 €	622.266,41 €	185.139,37 €
	859.921,00 €	513.493,90 €	845.285,72 €	251.865,68 €

Táboa 1. Estimación do gasto de convenio segundo o estudo de viabilidade e memoria económica-financieira asociada para a determinación dos prezos dos servizos a prestar no novo centro de atención a persoas maiores de Meira ata o 16 de abril de 2023, iniciando a actividade a 01.06.2021

Ase mesmo, o estudo realiza unha proposta de prezos públicos para facer fronte aos custes do servizo, sendo os seguintes:

1.390,00 € prazas residenciais para dependentes.

1.080,00 € prazas residenciais para válidos.

550,00 € para xornada completa en centro de día.

Outros servizos complementarios.

Se temos en conta o citado estudo económico, así como, as ordenanzas de prezo público aprobadas polo Concello de Meira para os servizos de atención residencial e atención diúrna. Se consideramos os datos proporcionados polo Instituto Galego de Estatística relativos as pensións medias e as consultas efectuadas aos servizos sociais comunitarios dos concellos de A Fonsagrada, Castroverde, Pol, Ribadeo, Trabada, Ribas de Sil, Meira e Pedrafita do Cebreiro, en 2020 polos servizos sociais provinciais vía telefónica, temos un escenario dunhas mensuais promedias de 1.041,81 €



Neste escenario de prudencia e segundo as ordenanzas de prezos públicos aprobadas a tal efecto para os servizos aquí tratados, e considerando unha capacidade mensual media de 1.041,81 € mensuais, corresponderían uns ingresos de 430.055,40 €, cunha ocupación completa do centro para os dous servizos.

USUARIOS		CAPACIDADE ECONOMICA 1.041,81 €	DÉFICIT XERADO	OBRIGAS SEGUNDO O CONVENIO MARCO CONCELLO	OBRIGAS SEGUNDO O CONVENIO MARCO DEPUTACIÓN	ACHEGA ANUAL CONCELLO SEGUNDO CONVENIO MARCO	ACHEGA ANUAL DEPUTACIÓN SEGUNDO CONVENIO MARCO	ACHEGA ANUAL USUARIOS SEGUNDO ORDENANZA
Dependentes	25	851,68 €	538,32 €	134,58 €	403,74 €	40.374,00 €	121.122,00 €	255.504,00 €
Autónomas	5	825,55 €	254,45 €	63,61 €	190,84 €	3.816,75 €	11.450,25 €	49.533,00 €
Centro de día	20	520,91 €	29,09 €	7,27 €	21,82 €	1.745,40 €	5.236,20 €	125.018,40 €
TOTAL						45.936,15 €	137.808,45 €	430.055,40 €

Táboa 4. Estimación das achegas por parte das administracións locais en funcións do déficit xerado entre o custe de referencia e o prezo público de cada persoa usuaria

O custe de referencia do servizo de atención residencial, está determinado na memoria económico-financieira. Na actualidade este custe está establecido en 1.390,00 € para persoas dependentes segundo e 1.080,00€ para válidas, así como 550,00€ para o servizo de atención diúrna a xornada completa. Estes custes de referencia serán igual ou inferiores ou custe efectivo real do servizo.

O convenio marco na súa cláusula sexta, establece o réxime económico, sinalando que a Deputación asumirá o (75%) da diferenza entre custe efectivo real do servizo e prezo efectivamente pagado polos usuarios/as, cos seguintes límites e determinacións: 600,00 € por número de prazas do centro e mes para as residencias e de 300,00 € por número de prazas do centro e mes, para os centros de día, a xornada completa. Enténdese por xornada completa a de 8 horas diarias, de luns a venres (para as xornadas diarias inferiores aplicarase unha redución proporcional).

Así, o Concello de Meira, de menos de 5.000 habitantes, terá que asumir o 25%, isto é, a diferenza entre custe efectivo real do servizo e o prezo público efectivamente pagado polos usuarios/as. Terase en conta que no caso de que a diferenza entre custe efectivo real do servizo menos o prezo efectivamente pagado polos usuarios/as (o prezo público de cada un deles segundo a súa capacidade económica), exceda dos importes máximos a pagar pola Deputación (600,00 € por

praza e mes de residencia e 300,00 € para praza e mes de centro de día, como máximo) e o 25% imputable como máximo ao Concello (200,00 € por praza e mes de residencia e 100,00 € para praza e mes de centro de día, como máximo), a diferenza será asumida pola Deputación Provincial.

Segundo consta no informe de Benestar Social e Igualdade co CSV IV7HE3HZLL5O2SBY2ZHHLZLP4E o custe do servizo do Centro de atención a Persoas Maiores de Meira para unha anualidade ascendería a 859.921,00 €, dos cales a Deputación de Lugo asumiría un déficit de 333.865,60 €, no peor dos escenarios presentados.

Tendo en conta que a prestación do servizo iniciárase previsiblemente o 01.06.2021 neste escenario o custe ascendería a un gasto máximo de 513.493,90 € (engádese os salarios do persoal que se contratará con anterioridade para a súa formación no modelo e posta en marcha), dos cales 323.595,40 € serían achegados polas persoas usuarias, 142.423,88 € corresponderían ao déficit a asumir a Deputación, mais as achegas do Concello 47.474,63 €. Así para a Deputación tería que achegar coas peores previsións 142.423,88 € na anualidade 2021.

Estas consideracións de tipo económico enmárcanse nas obrigas fixadas neste convenio específico e mesmo no convenio marco do que trae causa e ao que desenvolve. Resulta necesario o seu coñecemento a efectos da lexislación sobre estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (art. 48.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público) e mesmo para a distribución temporal do gasto no tocante aos compromisos económicos asumidos (art. 49, letra da mesma Lei) co límite temporal de non superar os catro anos de duración, contados desde a sinatura do convenio marco (17 de abril de 2019).

Tendo en conta os informes e antecedentes incorporados ao expediente, entre o que se atopa a certificación do acordo de aprobación do convenio específico polo Concello de Meira do , os informes de Intervención, o informe da xefatura de servizo de Benestar Social e Igualdade, así como, o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo a este Convenio Interadministrativo.



Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do Convenio específico para a prestación de servizos no centro de atención a persoas maiores de Meira, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (acción pública colaborativa horizontal) coa liquidación do convenio asinado o 31 de xaneiro de 2011, mediante a proposta de pago polo Concello de Meira da contía comprometida de 200.000,00€.

2º.- Aprobar o orzamento total estimado para 3 anos (incluídas as achegas da Deputación, do Concello e as previsións de prezo público a satisfacer polos usuarios) coa seguinte distribución:

Ano 2021: 513.493,90 €

Ano 2022: 845.285,72 €

Ano 2023: 251.865,68 € (ata o 16 de abril dese ano)

A Deputación adquire o compromiso, supeditado ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos respectivos orzamentos anuais, as contías expresadas.

3º.- Aprobar o plan de pago do Concello de Meira en relación á débeda de 200.000,00 € a razón de 50.000,00 € en catro anualidades e nos anos 2020, 2021, 2022 e 2023.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO VII CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “SENDEIROS DA RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES”.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Á vista da incoación do inicio da tramitación do expediente relativo á convocatoria e bases reguladoras do VII Concurso de Fotografía “Sendeiros das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses”.

Tendo en conta a consecución dos obxectivos e finalidades deste procedemento que sinala no seu informe o Servizo de Medio Ambiente (así como nas bases da convocatoria que se achegan con este), no que se pon de manifesto que a Deputación de Lugo é a entidade responsable da xestión das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses, declaradas pola UNESCO ao abeiro do Programa Persoa e Biosfera (MaB), os anos 2002 e 2006, respectivamente.

Nas Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses, promóvese a consolidación dunha rede de rutas e itinerarios, así como a promoción do emprego do conxunto de vías e camiños tradicionais xa establecidos, que sirvan para admirar e visitar a pé o importante patrimonio natural e cultural albergado nestes territorios.

Durante este ano 2021, motivado pola situación epidemiolóxica derivada do Covid-19, dende estas Reservas da Biosfera preténdese promover actividades ao aire libre nas que, ademais de cumprir con toda a normativa vixente, se poda manter o distanciamento social e permita coñecer a riqueza do patrimonio natural e cultural destas Reservas.

Tendo en conta os informes do Servizo de Contratación e Fomento e da Intervención provincial.

Polo exposto, tendo en conta os expresados informes, proponse á Xunta de Goberno:

1º.- Autorizar o devandito gasto por importe de 1.600,00 € con cargo ao orzamento do ano 2021.

2º.- Aprobar as bases reguladoras do VII Concurso de Fotografía “Sendeiros das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses” que se achegan con esta proposta.



3º.- Realizar a convocatoria pública do VII Concurso de Fotografía “Sendeiros das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses”.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAI DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2019.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, celebrada o día 28 de novembro de 2019, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 78, do día 4 de abril de 2019, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2019.

Propoño

Que pola Xunta de Goberno, se procede, se aprobe as seguintes renuncias:

ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN
ASOC. CULTURAL AIRIÑOS DO XUNCO	***0156**	895,00

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAI DA

PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2020.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, celebrada o día 16 de decembro de 2020, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 203, do día 4 de setembro de 2020, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2020.

Propoño

Que pola Xunta de Goberno, se procede, se aprobe as seguintes renuncias:

ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN
ASOC. CULTURAL ANTARUXAS E SORTEIROS	***0292**	823,00

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIAS DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2020.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor.

En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 20 de novembro de 2020, onde se resolveu o concurso convocado,



mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 273, do venres 27 de novembro de 2020, para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2020.

Propoño

Que os beneficiarios relacionados a continuación, presentaron na Excm. Deputación Provincial de Lugo, a súa renuncia do citado concurso:

Categoría	Nome entidade	CIF	Nome actividade	Subvención
Actividade competitiva 2020	Sociedad Deportiva Ribadeo Tenis de Mesa	***5025**	Tenis de mesa	1.475,00 €
Actividade competitiva 2020	Club Lemos	***1577**	Fútbol	1.500,00 €
Organización de eventos 2020	Club Pádel Nuestro	***3775**	Torneo Equivalenza de pádel	420,00 €
Organización de eventos 2020	Unión Deportiva Folgueiro	***2932**	Torneo Fútbol 7 veteráns	630,00 €

Por todo o exposto procede aceptar de plano as mencionadas renuncias polos importes citados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PERDA DO DEREITO AO COBRO DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS POLO PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURALS DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2018.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“En relación aos expedientes de xustificación das entidades asociativas culturais que se relacionan, correspondentes ás subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno do día 10

de agosto de 2018, ao abeiro da convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2018, convocado mediante extracto da convocatoria publicado no BOP nº 111, de data 16 de maio de 2018.

Visto o informe do Servizo de Cultura, no que se indica que:

“1.- Na Xunta de Goberno do día 4 de maio de 2018, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2018, así como o gasto correspondente e os modelos de solicitude que deberían de rexer no procedemento de concorrencia para a concesión.

2.- Con data 16 de maio de 2018, a convocatoria publicase no Boletín Oficial da Provincia número 111 pola Base de Datos Nacional de Subvencións, concedendo un prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP do extracto da convocatoria.

3.- Con data 10 de agosto de 2018, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2018, así como as solicitudes desestimadas.

4.- Con data 14 de agosto de 2018, dáse publicidade no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 186, a listaxe de subvencións concedidas e desestimadas pola Xunta de Goberno de data 10 de agosto de 2018.

5.- A cláusula 11 das referidas bases, denominada “Xustificación e aboamento das subvencións”, recolle a documentación que as entidades beneficiarias teñen que presentar para proceder ao pago da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa.

6.- A cláusula 12 das mesmas bases, baixo o epígrafe “Prazos de xustificación”, prevé: “Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.



A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o 31 de marzo de 2019.

(...)

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada diante desta Deputación, o órgano de xestión requirirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención –previo trámite do expediente- (...) de conformidade con canto se establece no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no art. 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no art. 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Na declaración de perda de dereito (...) tramitarase o correspondente procedemento con audiencia do interesado”.

7.- Unha vez transcorrido o prazo establecido nas Bases citadas, para a presentación da documentación xustificativa, procédese á revisión da documentación xustificativa e detéctanse unha serie de deficiencias, polo que con data de 20 de decembro de 2019 a Presidencia desta Excma. Deputación de Lugo, revolveu, requirir ás Asociacións que se relacionan, para que, no prazo improrrogable de 15 días, a contar dende o día seguinte á recepción da notificación, presenten a documentación requirida, advertíndolles que a non presentación da documentación xustificativa requirida no prazo sinalado, levará consigo a perda do dereito ao cobro da subvención, previo trámite do expediente.

8.- Con data 13 de xaneiro de 2020, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada.

9.- Transcorrido o citado prazo de 15 días e non sendo atendido o citado requirimento polas asociacións citadas a Presidencia desta Excma Deputación de Lugo, revolveu, con data 1 de febreiro de 2021, iniciar os expedientes de perda de dereito ás subvencións de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, no ano 2018, aprobado pola Xunta de Goberno de 10 de agosto de 2018, das entidades que se relacionan por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS.

10.- Con data 15 de febreiro de 2021, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada na que se lles comunica, que segundo a Resolución da

Presidencia citada, dispoñen dun prazo de 10 días de trámite de audiencia segundo o establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes e que xa les foron requiridos no seu momento.

11.- Transcorrido o citado prazo de 10 días conséntase que non foi atendido o citado trámite de audiencia polas asociacións relacionadas”

Tendo en conta o sinalado pola Xefatura de Servizo da Área de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico e Normalización Lingüística, a Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Procede declarar a perda do dereito ao cobro total das subvencións concedidas, ás Asociacións que se relacionan, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 10 de agosto de 2018, polo que se resolveu o concurso de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2018, convocado mediante anuncio publicado no BOP nº 111 de 16 de maio de 2018, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e dos puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria.

2º.- Que se notifique aos interesados, que se relacionan, o acordo adoptado pola Xunta de Goberno.

Nome entidade	Nome actividade	Importe
Quercus Sonora	Festival de Música de Cámara de A Ulloa.	1.111,00

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PERDA DO DEREITO AO COBRO DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS POLO PROCEDUREMTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS



CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2019.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“En relación aos expedientes de xustificación das entidades asociativas culturais que se reflicten na listaxe anexa, correspondentes ás subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno do día 28 de novembro de 2019, ao abeiro da convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades de interese cultural, ano 2019, convocado mediante extracto da convocatoria publicado no BOP nº 78, de data 4 de abril de 2019.

Visto o informe do Servizo de Cultura, no que se indica que:

“1.- Na Xunta de Goberno do día 29 de marzo de 2019, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2019, así como o gasto correspondente e os modelos de solicitude que deberían de rexer no procedemento de concorrencia para a concesión.

2.- Con data 4 de abril de 2019, a convocatoria publicase no Boletín Oficial da Provincia número 78 pola Base de Datos Nacional de Subvencións, concedendo un prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP do extracto da convocatoria.

3.- Con data 11 de decembro de 2019, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2019, así como as solicitudes desestimadas.

4.- Con data 19 de decembro de 2019, dáse publicidade no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 290, a listaxe de subvencións concedidas e desestimadas pola Xunta de Goberno de data 11 de decembro de 2019.

5.- A cláusula 11 das referidas bases, denominada “Xustificación e aboamento das subvencións”, recolle a documentación que as entidades beneficiarias teñen que presentar para proceder ao pago da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa.

6.- A cláusula 12 das mesmas bases, baixo o epígrafe “Prazos de xustificación”, prevé: “Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o 31 de marzo de 2020.

(...)

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada diante desta Deputación, o órgano de xestión requirirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención –previo trámite do expediente- (...) de conformidade con canto se establece no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no art. 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no art. 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Na declaración de perda de dereito (...) tramitarase o correspondente procedemento con audiencia do interesado”.

7.- Con data 14 de marzo de 2020, mediante o Real Decreto 463/2020, o Goberno do Estado, declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola Covid-19, no que se sinala:

“1. Se suspenden términos y se interrumpen los plazos para la tramitación de los procedimientos de las entidades del sector público. El cómputo de los plazos se reanudará en el momento en que pierda vigencia el presente real decreto o, en su caso, las prórrogas del mismo.

2. La suspensión de términos y la interrupción de plazos se aplicará a todo el sector público definido en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Común de las Administraciones Públicas”.



Con data 30 de maio de 2020, o BOE fai pública a seguinte disposición: “Instrucción de 28 de mayo de 2020 de la Dirección General de Seguridad Jurídica y Fe Pública sobre levantamiento de la suspensión de plazos administrativos” onde se sinala:

“Décimo.- Con efectos desde el 1 de junio de 2020, se deroga la disposición adicional tercera del Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, relativa a la suspensión de plazos administrativos. Desde esa misma fecha, el cómputo de los plazos que hubieran sido suspendidos se reanudará, o se reiniciará, si así se hubiera previsto en una norma con rango de ley aprobada durante la vigencia del estado de alarma y sus prorrogas”.

Con arrego ao exposto o día 14 de marzo de 2020, quedaron en suspenso os prazos para a xustificación das subvencións, restando 18 días para o remate dos prazos establecidos nas bases da convocatoria.

Como queira que o día 1 de xuño de 2020, levántase o a suspensión de prazos administrativos, procede reanudar o cómputo dos prazos, quedando fixado o remate do prazo para a presentación das contas xustificativas para o día 18 de xuño de 2020.

8.- Unha vez rematados os prazos de presentación das contas xustificativas, correspondentes ás entidades culturais relacionadas, conséntase que non presentaron a documentación sinalada nas Bases da Convocatoria para a xustificación das subvencións concedidas. Por este motivo a Presidencia desta Deputación, resolveu, con data 12 de agosto de 2020, requirir ás Asociacións Culturais que se relacionan, para que no prazo improrrogable de 15 días, presenten a documentación requirida, advertíndoselles que a non presentación da documentación xustificativa requirida no prazo sinalado, levará consigo a perda do dereito ao cobro da subvención, previo trámite do expediente.

9.- Con data 24 de agosto de 2020, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada.

10.- Transcorrido o citado prazo de 15 días e non sendo atendido o citado requirimento polas asociacións relacionadas a Presidencia desta Excma Deputación de Lugo, revolveu, con data 16 de marzo de 2021, iniciar o expediente de perda de dereito ás subvencións de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, no ano 2019, aprobadas pola Xunta de Goberno de 11 de decembro de 2019, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS.

11.- Con data 17 de marzo de 2021, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada, na que se lles comunica, que segundo a Resolución da

Presidencia citada, dispoñen dun prazo de 10 días de trámite de audiencia segundo o establecido no artigo 82 da Lei 39/2005, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes e que xa les foron requiridos no seu momento.

12.- Transcorrido o prazo de 10 días, establecido para o trámite de Audiencia, as Asociacións Culturais citadas, non presentaron, neste Organismo, a conta xustificativa requerida no punto 11 das Bases da Convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2019.”

Tendo en conta o sinalado pola Xefatura de Servizo da Área de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico e Normalización Lingüística, a Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Que se declare a perda do dereito ao cobro total das subvencións concedidas, ás Asociacións relacionadas, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 11 de decembro de 2019, polo que se resolveu o concurso de subvencións destinadas a actividades de interese cultural realizadas por entidades asociativas, ano 2019, convocado mediante anuncio publicado no BOP nº 290 de 19 de decembro de 2019, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS, e puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria sinalada, e despois de transcorrer o prazo de audiencia establecido no artigo 82 da Lei 39/2005, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2º.- Que se notifique aos interesados o acordo adoptado pola Xunta de Goberno.

Nome Entidade	Nome Actividade	Importe
ANPA Ceip Rosalía de Castro	Pintura, Desfile Arde Lucus, Nadal.	579,00
Asoc Cultural A Tribo da Travesía	Aula Creación Vocal e Percusión, Encontro entre mulleres artistas de rural, Convivio Galego-Asturiana, Viaxes, Coro da Mariña	709,00

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ESTABLECEMENTO DO PREZO PÚBLICO DO LIBRO TITULADO “VIVEIRO 1810, AUGAS MORTAIS”.

Visto o acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial, de data 30 de novembro de 1992 e vistos os informes emitidos polo Servizo de Publicacións e por Intervención, ao respecto do establecemento da tarifa do prezo público do libro titulado “Viveiro 1810. Augas mortais”; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Establecer a tarifa do prezo público do libro anteriormente mencionado, do que é autor don Primitivo Marcos Ferreiro, na cantidade de catorce euros (14,00 €) de cuxo importe corresponde a esta Excma. Deputación Provincial a cantidade de trece euros con corenta e seis céntimos (13,46 €) por exemplar vendido directamente. Para a distribución concertada aplicarase un desconto do trinta por cento (30%).

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ESTABLECEMENTO DO PREZO PÚBLICO DO LIBRO TITULADO “CATIVEIRO DE FINGOI (OS ANOS LUCENSES (1950-65))”.

Visto o acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial, de data 30 de novembro de 1992 e vistos os informes emitidos polo Servizo de Publicacións e por Intervención, ao respecto do establecemento da tarifa do prezo público do libro titulado “Cativeiro de Fingoi (Os anos lucenses (1950-1965) de D. Ricardo Carvalho Calero”; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Establecer a tarifa do prezo público do libro anteriormente mencionado, do que é autor don Ramón Reimunde Noreña, na cantidade de catorce euros (12,00 €) de cuxo importe corresponde a esta Excma. Deputación Provincial a cantidade de trece euros con corenta e seis céntimos (11,54 €) por exemplar vendido directamente. Para a distribución concertada aplicarase un desconto do trinta por cento (30%).

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ESTIMACIÓN DE RECURSOS DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO DE

CONCESIÓN DE PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS NA PROVINCIA DE LUGO, NA ANUALIDADE 2020.

Primeiro.- *Proposta de acordo de estimación de recurso de reposición presentado por dona Lucía Varela Molejón.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Visto o recurso de reposición formulado por dona Lucía Varela Molejón con DNI ***7897**, con data 08/02/2021, rexistrado por don Juan Carlos Varela Lopez ***1661**, como pai da deportista, contra acordo de Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día trinta de decembro de dous mil vinte, de concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, na anualidade 2020.

Visto o informe do servizo de Deportes favorable á estimación do recurso de acordo ás circunstancias expostas, e dado que á vista do informe da unidade de Rexistro Xeral, conséntase que se produciu un erro na transmisión do rexistro da petición da solicitante á aplicación de tramitación de expedientes (GTM) da Deputación de Lugo, e que por tanto, o servizo de Deportes non tivo constancia da presentación de tal solicitude en tempo e forma e en consecuencia non se procedeu ao preceptivo trámite do expediente.

Visto que con data 25 de marzo de 2021 se celebrou reunión da comisión de valoración prevista no punto sexto das Bases da convocatoria, para os efectos de avaliación e informe respecto da solicitude obxecto de recurso de reposición, e en consecuencia a asignación da correspondente puntuación e do respectivo premio.

Visto que o procedemento administrativo debe atender ao principio de eficacia, procederá que na mesma resolución do órgano competente se contemple a admisión do recurso e no seu caso a concesión do premio que de acordo coa valoración dos resultados deportivos asignada corresponda.



Visto o informe do servizo de Intervención de data 12/04/2021.

Polo exposto, propono que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial se adopten os seguintes acordos:

1º.- Estimar o recurso de reposición formulado por dona Lucía Varela Molejón con DNI ***7897**, con data 08/02/2021, contra acordo de Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día trinta de decembro de dous mil vinte, de concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, na anualidade 2020.

2º.- Concederlle, en consecuencia, a dona Lucía Varela Molejón con DNI ***7897**, e de acordo ao informe da Mesa de Valoración, un premio para deportistas individuais da provincia de Lugo, na anualidade 2020 por importe de 300,00 euros e proceder ao seu pagamento, unha vez realizados os tramites oportunos.

3º.- Notificar o presente acordo á interesada facéndolle saber que o mesmo pon fin a vía administrativa e que contra este poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de acordo de estimación de recurso de reposición presentado por don Santiago Rozas Trastoy.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Visto o recurso de reposición formulado por don Santiago Rozas Trastoy con DNI ***8384**, con data de rexistro de entrada na Deputación de Lugo 08/03/2021, contra acordo de Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día trinta de decembro

de dous mil vinte, de concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, na anualidade 2020.

Visto o informe do servizo de Deportes favorable á procedencia da estimación do recurso de reposición formulado, á vista da acreditación do erro producido por parte do Rexistro Electrónico Común da Administración do Estado e referido no informe da Unidade de Rexistro Xeral, polo que se constata que o solicitante formulou dentro do prazo de presentación previsto nas bases da convocatoria a solicitude de premio de deportista individual, solicitude que non se puido tramitar por non constar no rexistro GTM da Deputación de Lugo e que motivan a formulación do respectivo recurso de reposición.

Visto que con data 25 de marzo de 2021 se celebrou reunión da Comisión de valoración prevista no punto sexto das Bases da convocatoria, para os efectos de avaliación e informe respecto da solicitude obxecto de recurso de reposición, e en consecuencia a asignación da correspondente puntuación e do respectivo premio.

Visto que o procedemento administrativo debe atender ao principio de eficacia, procederá que na mesma resolución do órgano competente se contemple a admisión do recurso e no seu caso a concesión do premio que de acordo coa valoración dos resultados deportivos asignada corresponda.

Visto o informe do servizo de Intervención de data 12/04/2021.

Polo exposto, propono que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial se adopten os seguintes acordos:

1º.- Estimar o recurso de reposición formulado por don Santiago Rozas Trastoy con DNI ***8384**, con data de rexistro de entrada na Deputación de Lugo 08/03/2021, contra acordo de Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día trinta de decembro de dous mil vinte, de concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, na anualidade 2020.



2º.- Concederlle, en consecuencia, a don Santiago Rozas Trastoy con DNI ***8384**, e de acordo ao informe da Mesa de Valoración, un premio de 300,00 euros e proceder ao seu pagamento, unha vez realizados os tramites oportunos.

3º.- Notificar o presente acordo ao interesado facéndolle saber que o mesmo pon fin a vía administrativa e que contra este poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta de acordo de estimación de recurso de reposición presentado por don Pablo Sánchez Rivas.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Visto o recurso de reposición formulado por don Francisco Javier Sánchez Cancio, con DNI ***1589** en representación de don Pablo Sánchez Rivas con DNI ***8708**, con data de rexistro de entrada na Deputación de Lugo 28/02/2021, contra acordo de Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día trinta de decembro de dous mil vinte, de concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, na anualidade 2020.

Visto o informe do servizo de Deportes favorable á estimación do recurso, tendo en conta o previsto nas leis de procedemento administrativo e na propia xurisprudencia no relativo á consideración do procedemento administrativo como unha garantía para o cidadán e o seu carácter antiformalista e considerando o criterio de proporcionalidade e a entidade real da deficiencia advertida e as consecuencias que da súa apreciación ou non poidan derivarse.

Visto que con data 25 de marzo de 2021 se celebrou reunión da Comisión de valoración prevista no punto sexto das Bases da convocatoria, para os efectos de avaliación e informe respecto

da solicitude obxecto de recurso de reposición, e en consecuencia a asignación da correspondente puntuación e do respectivo premio.

Visto que o procedemento administrativo debe atender ao principio de eficacia, procederá que na mesma resolución do órgano competente se contemple a admisión do recurso e no seu caso a concesión do premio que de acordo coa valoración dos resultados deportivos asignada corresponda.

Visto o informe do servizo de Intervención de data 12/04/2021.

Polo exposto, propono que pola Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial se adopten os seguintes acordos:

1º.- Estimar o recurso de reposición interposto por don Francisco Javier Sánchez Cancio en representación de don Pablo Sánchez Rivas con DNI***8384**, con data 28/02/2021, contra acordo de Xunta de Goberno desta Excm. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día trinta de decembro de dous mil vinte, de concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, na anualidade 2020.

2º.- Concederlle, en consecuencia, a don don Pablo Sánchez Rivas con DNI ***8708**, e de acordo ao informe da Mesa de Valoración, un premio para deportistas individuais da provincia de Lugo, na anualidade 2020 por importe de 300,00 euros e proceder ao seu pagamento, unha vez realizados os tramites oportunos.

3º.- Notificar o presente acordo ao interesado facéndolle saber que o mesmo pon fin a vía administrativa e que contra este poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



Cuarto.- *Proposta de acordo de estimación de recurso de reposición presentado por dona Laura Sánchez Rivas.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Visto o recurso de reposición formulado por Don Francisco Javier Sánchez Cancio, con DNI ***1589** en representación de dona Laura Sánchez Rivas con DNI ***8708** , con data de rexistro de entrada na Deputación de Lugo 28/02/2021, contra acordo de Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día trinta de decembro de dous mil vinte, de concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, na anualidade 2020.

Visto o informe do servizo de Deportes favorable á estimación do recurso, tendo en conta o previsto nas leis de procedemento administrativo e na propia xurisprudencia no relativo á consideración do procedemento administrativo como unha garantía para o cidadán e o seu carácter antiformalista e considerando o criterio de proporcionalidade e a entidade real da deficiencia advertida e as consecuencias que da súa apreciación ou non poidan derivarse.

Visto que con data 25 de marzo de 2021 se celebrou reunión da comisión de valoración prevista no punto sexto das Bases da convocatoria, para os efectos de avaliación e informe respecto da solicitude obxecto de recurso de reposición, e en consecuencia a asignación da correspondente puntuación e do respectivo premio.

Visto que o procedemento administrativo debe atender ao principio de eficacia, procederá que na mesma resolución do órgano competente se contemple a admisión do recurso e no seu caso a concesión do premio que de acordo coa valoración dos resultados deportivos asignada corresponda.

Visto o informe do servizo de Intervención de data 12/04/2021.

Polo exposto, propono que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial se adopten os seguintes acordos:

1º.- Estimar o recurso de reposición formulado por Don Francisco Javier Sánchez Cancio, con DNI ***1589** en representación de dona Laura Sánchez Rivas con DNI ***8708**, con data de rexistro de entrada na Deputación de Lugo 28/02/2021, contra acordo de Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada celebrada o día trinta de decembro de dous mil vinte, de concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, na anualidade 2020.

2º.- Concederlle, en consecuencia, a dona Laura Sánchez Rivas con DNI ***8708**, e de acordo ao informe da Mesa de Valoración, un premio para deportistas individuais da provincia de Lugo, na anualidade 2020 por importe de 300,00 euros e proceder ao seu pagamento, unha vez realizados os tramites oportunos.

3º.- Notificar o presente acordo á interesada facéndolle saber que o mesmo pon fin a vía administrativa e que contra este poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

17.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.